

Enquisa de Poboación Activa. Variables de submostra

METODOLOXÍA

1. Introducción

Unha das novidades introducidas nos cambios metodolóxicos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) no 2005 foi o emprego dunha submostra da enquisa, distribuída ao longo de todo o ano, co fin de proporcionar información sobre variables de carácter estrutural en media anual. Este sistema de enquisa estendida a una submostra para cubrir una serie de variables adicionais ás enquisadas cada trimestre, denomínase sistema de submostra e as variables adicionais estruturais obtidas, variables de submostra.

A posibilidade da implantación dun sistema deste tipo contéplase nos últimos regulamentos de Eurostat (Regulamento do Consello e Parlamento Europeo nº 2257/2003 e Regulamento da Comisión Europea nº 430/2005), e establécese co fin de diminuír a carga de resposta da enquisa.

2. A natureza da información do ficheiro de submostra

O uso dun sistema de submostras destas características supón algúns problemas de cara á interpretación dos resultados.

En realidade o que se fai é proporcionar datos en media anual obtidos a partir dunha parte da mostra da enquisa, que a efectos do cálculo dos factores de elevación, se trata independentemente. Ademais das variables estruturais para as que está deseñada especificamente, a submostra contén información das demais variables da enquisa (os rexistros correspondentes á submostra tamén forman parte da EPA trimestral), polo que pode ofrecer resultados dos principais indicadores da enquisa en promedio anual. Estes indicadores son, en xeral, diferentes a os que se obterían como media aritmética simple anual dos catro trimestres.

O Regulamento 430/2005 establece que a elevación dos resultados da submostra debe realizarse de forma que as estimacións da submostra sexan coherentes coa media aritmética simple dos catro trimestres para os colectivos de ocupados, parados e inactivos por sexo e grupo decenal de idade (condición 3 do anexo 1) para o conxunto de España. Ademais o INE engadiu ás condicións anteriores a consistencia total de ocupados, parados e inactivos por comunidades autónomas.

Deste xeito, o total de ocupados da submostra, ao igual que o de parados e inactivos, será o mesmo que o da media dos catro trimestres, sempre que se consideren os colectivos

establecidos ou as súas agregacións. Pero non ocorrerá o mesmo se o grupo é máis específico (por exemplo, asalariados con contrato indefinido).

Polo tanto, convén ter presente que o ficheiro da submostra proporciona información adicional sobre estruturas, pero sempre que se trate de analizar niveles do resto das variables deben utilizarse as medias trimestrais.

3. Descrición da fonte administrativa

A submostra elixida para proporcionar información sobre estas variables é a sexta entrevista que se fai fundamentalmente a través de entrevista telefónica. Estes resultados son coherentes cos trimestrais.

O ficheiro da submostra ten un número menor de rexistros que os ficheiros trimestrais da EPA. Aproximadamente o número de fogares que constitúen a mostra efectiva é duns 2/3 da mostra dun trimestre (o ficheiro de submostra está constituído por aproximadamente unha sexta parte dos rexistros de cada un dos trimestres do ano).